

MEMORIA UDC *Saudable* 2018

Dirección UDC *Saudable*

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social

- 5 de xaneiro de 2018, Visto e prace da realización dun obradoiro de Quérote + UDC no Programa Espazo Compartido.
- 5 de xaneiro de 2018, Envío da Memoria Reitor **UDC *Saudable*** 2007 ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 8 de xaneiro de 2018, Avaliación e suxestión sobre un proxecto de colaboración realizado por Saúde Mental FEAFES (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) para un convenio UDC-FEAFES por pedimento da Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 8 de xaneiro de 2018, Proposta ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social dun Programa UDC para alumnado con dislexia na liña do Programa *Disability an Dyslexia Service* da Universidade de Londres (Brunel).
- 11 de xaneiro de 2018, Difusión da “*Convocatoria 7º Concurso universitario de cortometrajes Drogas: Tu punto de mira* (máis de 4000 euros en premios)”, Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.



- 15 de xaneiro de 2018, Envío do Proxecto de Investigación: “*Estilos de vida Saudable en la UDC: Diagnóstico de la situación y detección de necesidades*”, coas correccións do Comité de Ética UDC, ao Vicerreitorado de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC con copia ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, proxecto elaborado na Unidade de Investigación en Integración e Promoción da Saúde (INTEGRA SAÚDE).

- 16 de xaneiro de 2018, Modificación dos horarios do profesorado do Programa Espazo Compartido de formación para persoas con discapacidade cognitiva (pasan de dúas tardes a 1 tarde/semana).
- 17 de xaneiro de 2018, Asistencia do Director **UDC Saudable** á reunión do *Green Campus* Ferrol na Sala de Xuntas do Vicerreitorado do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social.
- 17 de xaneiro de 2018, Reunión coa Prof^a. Araceli Torres Miño, Vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social, para efectos organizativos e cotiás da **UDC Saudable** (reunión Comisión Técnica UDC Saudable, convenio Cruz Vermella, materia optativa de Sostibilidade *versus* asignatura obrigatoria, comisión **UDC Saudable versus** comisión de Sostibilidade, campus de especialización de Sustentabilidade, entre outros).
- 18 de xaneiro de 2018, Asistencia e participación na Xornada sobre “Universidades e o seu efecto transformador na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)”, organizada pola Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña.
- 19 de xaneiro de 2018, Envío de borrador convenio Cruz Vermella sobre drogas, alcohol e outros tóxicos á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 19 de xaneiro de 2018, Proposta ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da elaboración dun convenio coa Asociación de Anorexia e Bulimia da Coruña (ABAC) para concretar un punto de atención en alimentación saudable e trastornos alimentarios no Centro Universitario de Riazor (CUR), en liña co Quérote + UDC, Servizo Multicanal da Cruz Vermella (drogas, alcohol e outros tóxicos) e FEAFES (disfunción en saúde mental).
- 19 de xaneiro de 2018, Proposta ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social para reordeación dos puntos existentes o previstos no espazo destinado no CUR a efectos de eficacia e intendencia.
- 22 de xaneiro de 2018, Envío do Prólogo do libro TDAH e Terapia Ocupacional da Fundación INGADA firmado pola vicedecana da Facultade de Ciencias da Saúde, Prof^a. Nereida Canosa Domínguez, e polo Director da **UDC Saudable** Prof. Sergio Santos del Riego.
- 23 de xaneiro de 2018, Desenvolvemento de liñas de traballo da Unidade de Investigación en Integración e Promoción da Saúde (INTEGRA SAÚDE).

- 23 de xaneiro de 2018, Solicitud de material de intendencia ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social para a sede da **UDC Saudable**.
- 24 de xaneiro de 2018, primeira toma de contacto coa Directora da Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC), Dona Fátima Pérez, para expoñer a posibilidade dun convenio ABAC-UDC.
- 25 de xaneiro de 2018, Envío das competencias transversais dos títulos da UDC que aprobou o Consello de Goberno a pedimento da responsable da Oficina de Desenvolvemento Sostible, dona Silvana Longueira Matos, da Universidade de Santiago de Compostela.
- 25 de xaneiro de 2018, Asistencia á Xornada de Innovación e Economía Baixa en Carbono, edificio Normal, organizada pola Fundación UDC.
- 25 de xaneiro de 2018, Asistencia ao Foro sobre o Cambio climático: Por unha política sustentable na xestión da auga.
- 26 de xaneiro de 2018, Envío á páxina oficial web UDC (catálogo de investigación UDC) do contido da Unidade de investigación en Integración e Promoción de Saúde (INTEGRA SAÚDE) e outros asuntos organizativos.
- 26 de xaneiro de 2018, Confirmación de participación no curso de Educación Ambiental e proposta de reactivación dos *Green Campus* de Reitorado e de Riazor ao Adxunto de Sustentabilidade/Director da Oficina de Medio-ambiente.
- 26 de xaneiro de 2018, Proposta de 9 obxectivos para os programas Green das facultades/escolas (ecoauditoría/plan/declaración/código, sostibilidade medio-ambiental, vida saudable e hábitos de vida, sostibilidade social, economía circular, dereitos humanos, docencia saudable e sostible, investigación saudable e sostible e vinculación comunitaria) ao Adxunto de Sustentabilidade/Director da Oficina de Medio-ambiente, a decana responsable do *Green Campus* FCS Saudable e Sostible (Facultade de Ciencias da Saúde) e a vicerreitora responsable do *Green Campus* Ferrol Saudable e Sostible.
- 30 de xaneiro de 2018, Visita e reunión de traballo co equipo directivo da Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC) na súa sede de Eirís/A Coruña (C/ Begonias, 33).
- 1 de febreiro de 2018, Proposta a Decana da Facultade de Ciencias da Saúde de 9 obxectivos para o III *Green Campus* FCS e creación dun logo común coa Facultade de Fisioterapia para o *Green Campus* Oza.

- 1 de febreiro de 2018, Proposta a Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social de 9 obxectivos para o *Green Campus* Ferrol.
- 1 de febreiro de 2018, Informe favorable do Comité de Ética da UDC para o proxecto institucional de investigación sobre Hábitos, Rutinas e Estilos de Vida Saudable na UDC: Diagnose da situación e detección de necesidades, Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Dirección UDC Saudable, Unidade de Investigación en Integración e Promoción da Saúde (INTEGRA SAÚDE).
- 2 de febreiro de 2018, Asistencia á Xornada sobre a Lei de saúde e a sanidade pública, Parlamento de Galiza.
- 2 de febreiro de 2018, Proposta á Decana de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol para participar nun panel sobre Promoción de Saúde durante a xornada do 3 de maio do ano en curso no contexto das xornadas, obradoiros e outras actividades organizadas pola Oficina de Medio-ambiente e a Fundación ALCOA.
- 5 de febreiro de 2018, Envío do Prólogo da Guía TDAH e Terapia Ocupacional da Fundación INGADA.
- 6 de febreiro de 2018, Proposta de *Green Campus* Riazor con 7 obxectivos á directora da Universidade Senior como presidenta do comité medio-ambiental.
- 6 de febreiro de 2018, Proposta de *Green Campus* Reitorado con 9 obxectivos ao Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e ao Adxunto de Sustentabilidade/Director da Oficina de Medio-ambiente.
- 6 de febreiro de 2018, Asistencia á sesión sobre Pensións dignas, na sede do PSdG-PSOE, na rúa Zalaeta da Coruña.
- 8 e 9 de febreiro de 2018, Asistencia e moderación de mesa (proposta de sostibilidade para os programas, Universidade de Salamanca, Universidade de Extremadura e Universidade de Málaga) na Xornada sobre a Rede de Programas Universitarios para a Inserción Laboral de Persoas con Discapacidade Intelectual, ExpoNav, Ferrol, Universidade da Coruña.
- 12 de febreiro de 2018, Apoio desde a UDC Saudable e a Unidade de Investigación en Integración e Promoción de Saúde (Integra Saúde), a instancias da Quinta de Arte, de apoio á creación da Cátedra UNESCO Educación para a Xustiza Social da Universidade Autónoma de Madrid e propostas de colaboración.
- 12 de febreiro de 2018, Nova proposta de puntos da Orde do Día da próxima Comisión Técnica da UDC *Saudable* a Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade

Social: *“Preside o Magnífico e Excmo. Sr. Reitor da UDC; Informe da Vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social; Informe do Director UDC Saudable; Aprobar, de proceder, a designación da Facultade de Enfermaría e Podoloxía do Campus de Esteiro como organizadora do IV Semana UDC Saudable 2018; Aprobar, de proceder, o cambio de denominación da Comisión Técnica UDC Saudable, aprobada en Consello de Goberno de 28 de novembro de 2014, ao nome de Comisión UDC Saudable e Sostible; Propor, de proceder, a Vicerreitora de Responsabilidade Social como presidenta da nova Comisión UDC Saudable e Sostible; Propor, de proceder, o nomeamento de tres coordinadores-delegados/as e dun secretario/a para a Comisión UDC Saudable e Sostible; Aprobar, de proceder, o cambio de denominación de Comisión de Apoio UDC Saudable, aprobada en Consello de Goberno de 28 de novembro de 2014, por Rede de Apoio UDC Saudable e Sostible cun integrante de cada facultade/escola da UDC (excluíriáanse os departamentos); Aprobar, de proceder, a declaración de Outubro como Mes UDC Saudable e Sostible; Aprobar, de proceder, o inicio de actuacións para concretar conxuntamente con outras universidades a Rede Universitaria Española de Inclusión Laboral para Persoas con Discapacidade Intelectual; Aprobar, de proceder, o inicio de actuacións para concretar a Rede Galega de Universidades Promotoras de Saúde; Aprobar, de proceder, a integración da UDC na Rede Iberoamericana de Universidades Promotoras de Saúde (RIUPS); Aprobar, de proceder, a toma de iniciativas e propostas de traballo conxuntas Saudables e Sostibles cos Concellos da Coruña, Ferrol e área metropolitana da contorna da UDC; Debater e aprobar, de proceder, o inicio para a posta en funcionamento dunha "materia" obrigatoria para estudantes, pdi e pas de novo ingreso e/ou, a posteriori, dunha materia optativa sobre responsabilidade social: vida saudable, desenvolvemento sustentable e dereitos humanos e Rogos e preguntas”.*

- 15 de febreiro de 2018, Asistencia á conferencia sobre *“ El precio de la identidad”* na sede da Fundación Paideia, A Coruña.
- 21 de febreiro de 2018, Reunión con Xefatura de Estudo do Programa Espazo Compartido e outros asuntos relacionados con condutas inadecuadas de estudantes do programa.
- 21 de febreiro de 2018, Proposta formal dun Programa de Intervención de Podoloxía sobre os participantes na Semana Santa de Ferrol ante a Decana da Facultade de Enfermaría e Podoloxía.
- 21 de febreiro de 2018, Proposta de organización da IV Semana UDC Saudable a Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol.
- 22-24 de febreiro de 2018, Asistencia e presentación de Comunicación no I Congreso Mundial EDUCA, Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña.
- 23 de febreiro de 2018, Comunicación Internacional: *“Laura Delgado-Lobete, Rebeca Montes-Montes, Sergio Santos-del-Riego, Sonia Pértega-Díaz. Presencia de Trastorno del Desarrollo de la Coordinación en niños españoles de Educación Primaria. Impacto académico y en la escuela. Actas Científico- Técnicas, I Congreso Mundial de Educación Primaria. EDUCA 2018, Universidade da Coruña, 22-24 de Febreiro de 2018; ISBN 84-943477-7-2; Depósito Legal: C 237-2018. Libro abstract, soporte cd www.mundoeduca.org www.miaceduca.es”*

- 26 de febreiro de 2018, Asistencia á reunión de Empresas Saudables no Instituto de Saúde e Seguridade de Galiza, A Coruña.
- 27 de febreiro de 2018, Reunión con representantes do CICA na sede UDC Saudable con motivo dun proxecto de investigación sobre hábitos, rutinas e estilos de vida saudable.
- 28 de febreiro de 2018, Preparación de pre-proxecto liña de investigación de Arte e Terapia Ocupacional.
- 27 de febreiro de 2018, Aceptación da participación da **UDC Saudable** e da Unidade de Investigación e Promoción da Saúde (INTEGRA SAÚDE) no Programa de Cooperación Transfronterizo POCTEP (Interreg España-Portugal) sobre promoción de saúde.
- 27 de febreiro de 2018, Proposta desde a **UDC Saudable** dunha sesión á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia sobre "Terapia Asistida con Animais na Unidade de Atención Temperá e Rehabilitación Infantil. Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña".
- 2 de marzo de 2018, II Reunión do Equipo Espazo Compartido na sede UDC Saudable.
- 3 de marzo de 2018, Definición do nome (SAÚDE PRO) e documento de achegas co firma e data oficial ao Programa de Cooperación Transfronterizo POCTEP (Interreg España-Portugal) polo coordinador da unidade de investigación INTEGRA SAÚDE, Prof. Sergio Santos del Riego.
- 3 de marzo de 2018, Recurso de "*Sinaléptica na UDC da Xunta de Galicia*" na web da "*Red Española de Universidades Saludables*", achegando a URL do "*Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*" en castelán.
- 5 de marzo de 2018, Difusión da Guía de Empresas Saudables da Xunta de Galicia ao equipo reitoral UDC e unidade de investigación INTEGRA SAÚDE.
- 5 de marzo de 2018, Proposta de adhesión da UDC á Declaración de Luxemburgo á Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 5 de marzo de 2018, Presentación de proposta documentada de obxectivos do *Green Campus Riazor* ao Adxunto de Sustentabilidade/Director da Oficina de Medio-ambiente, Prof. Manuel Soto Castiñeira.


- 6 de marzo de 2018, Reunión co Director do Instituto de Implantoloxía e Rehabilitación Oral (ICIRO), don José Manuel Cruz Valiño, no Centro Universitario de Riazor (CUR) para tratar os novos cursos de formación específica de posgrado en Implantoloxía Clínica Oral.
- 6 de marzo de 2018, Punto Quérote +: Visita á campaña "Cultivando a autoestima" na sede da **UDC Saudable**, Centro Universitario de Riazor (CUR), coa presenza da Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia.



- 6 de marzo de 2018, Conferencia do Prof. Emilio Fernández Suárez, Director do Campus do Mar, Universidade de Vigo, sobre "O Cambio Climático: un desafío global e local" no Centro Universitario de Riazor (CUR), Universidade da Coruña.
- 6 de marzo de 2018, Difusión das receitas saudables do inverno da "Red Española de Universidades Saludables".
- 8-9 de marzo de 2018, Comunicación escrita nacional: "Laura Delgado-Lobete, Sergio Santos-del-Riego, Sonia Pértega-Díaz, Rebeca Montes-Montes. Estudio exploratorio de la distribución de procesamiento sensorial en niños españoles en edad escolar. Actas del IV Congreso Internacional en Contextos Clínicos y de la Salud, Volumen I, 08-09/03/2018, Universidade de Murcia, con ISBN: 978-84-697-9974-1 y Depósito Legal: AL 380-2018".
- 7, 12 e 13 de marzo de 2018, Asesoramento e elaboración do Interreg Saúde Pro Galicia-Norte de Portugal sobre Hábitos, Rutinas e Estilos de Vida Saudable (25 horas) co CICA, Universidade da Coruña.
- 13 de marzo de 2018, Conferencia de Mario Salomone, secretario xeral do WEEEX (World Environmental Education Congress), Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña.
- 15 de marzo de 2018, Asistencia á Inauguración do Curso "Educando para á Sustentabilidade" organizado pola Oficina de Medio-Ambiente e ALCOA, Reitorado, Universidade da Coruña.
- 15 de marzo de 2018, Proposta de 9-10 obxectivos para o *Green Campus* de Ferrol.

- 17, 18, 22 e 23 de marzo de 2018, Asesoramento e elaboración do Interreg Saúde Pro Galicia - Norte de Portugal sobre Hábitos, Rutinas e Estilos de Vida Saudable (25 horas) co CICA, Universidade da Coruña.
- 22 de marzo de 2018, Aceptación para participar como vogal no Comité Científico e Organizador do I Congreso de Universidades Promotoras de Saúde (novembro - Mallorca).
- 22 e 23 de marzo de 2018, Reunión para selección de profesorado para o Programa Espazo Compartido na oficina da Atención a Diversidade, Edificio Yoanna Capdevielle, Universidade da Coruña.
- 23 de marzo de 2018, Xornada de Promoción e prescrición da actividade física na empresa, Instituto de Seguridade e Saúde Laboral en Galicia.
- 2 de abril de 2018, Recibimento no CUR da nova profesora, Dona Marta Casilla, para o Programa Espazo Compartido.
- 3 de abril de 2018, Reunión coa coordinadora provincial, Doña Carmen Reigía Regueira, e a directora de menores, muller e igualdade, Dona Carmen Tello, da Cruz Vermella para tratar asuntos sobre o punto de asesoría en alcohol, tabaco e drogas, entre outros.
- 4 de abril de 2018, Envío de cartel científico “Universidade da Coruña e Promoción da Saúde” para a “*Jornada Internacional: Rol de la Universidad en la Promoción de Salud y Objetivos de Desarrollo Sostenible. Aportaciones y retos desde las redes de Universidades Saludables de Iberoamérica y España*”. Fundación Academia Europea e Iberoamericana de Yuste. Real Monasterio de Yuste. Cuacos de Yuste, 6-12 de abril de 2018.
- 5 de abril de 2018, Instalación de correo electrónico integra.saude@udc.es para a Unidade de Investigación en Integración e Promoción da Saúde, INTEGRA SAÚDE.
- 6 de abril de 2018, Documento científico-técnico: “*Alejandra Rey-Iglesias, Andrea Alonso-Cadavid, Sira Cerviño-Carro, Encarnación Díaz-Martínez. TDAH e Terapia Ocupacional, prologado por Nereida Canosa-Domínguez y Sergio Santos-del-Riego, exaequo, Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Geográfica e Fundación Ingada, Marzo de 2018. <http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/tdah-e-terapia-ocupacional/>*”
- 6-12 de abril de 2018, Comunicación escrita internacional: “*Sergio Santos-del-Riego, Laura Delgado-Lobete, Rebeca Montes-Montes, Araceli Torres-Miño. Universidade da Coruña y Promoción de Salud. Jornada Internacional: Rol de la Universidad en la Promoción de Salud y Objetivos de Desarrollo Sostenible. Aportaciones y retos desde las redes de Universidades Saludables de Iberoamérica y España. Fundación Academia Europea e Iberoamericana de Yuste. Real Monasterio de Yuste. Cuacos de Yuste, 6-12 de abril de 2018*”.

- 10 de abril de 2018, Envío de dos receitas desde a UDC (ensalada de laranxa e atún, verduras salteadas) para o receptorio REUS.
- 9-11 de abril de 2018, Presenza participativa da **UDC Saudable** nas III Xornadas de xestores de redes sociais institucionais #comunicaUDC2018, Gabinete de Comunicación, Universidade da Coruña.
- 12 de abril de 2018, Proposta á responsable do Gabinete de Comunicación UDC de establecer un representante de comunicación en cada facultade e escola da UDC.
- 16 de abril de 2018, Reunión Comisión Técnica **UDC Saudable**, sala 1 do Reitorado. Acordos principais: Declárase o Mes de Outubro como Mes Saudable/Mes da Saúde; IV Mes de Outubro **UDC Saudable** 2018, despois de tres semanas **UDC Saudable**: 2015 (Facultade de Ciencias da Saúde), 2016 (Facultade de Ciencias da Educación), 2017 (Facultade de Ciencias); a Facultade de Enfermaría e Podoloxía do Campus de Ferrol organizará a celebración do Día Nacional das Universidades Saudables (7 de outubro de 2018 o data próxima) e a UDC Saudable fomentará a participación das diversas facultades, escolas e oficinas, unidades e servizos da UDC; integración da UDC na Rede Iberoamericana de Universidades Promotoras de Saúde (RIUPS).
- 17 de abril de 2018, Presenza na I Xornada: Atención integral a persoas con enfermidades avanzadas, Xunta de Galicia, SERGAS, Cruz Vermella Española e Obra Social A Caixa, Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.
- 19 de abril de 2018, Coordinación da Sesión “Terapia Asistida con Animais na Unidade de Atención Temperá e Rehabilitación Infantil. Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña” na Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.



- 26 e 27 de abril de 2018, Queixa dende un membro do profesorado da Facultade de Enfermaría e Podoloxía en relación coa organización da actividade do 3 de maio do Ciclo de Conferencias "Educando para a Sustentabilidade" baixo a responsabilidade da Oficina de Medio-Ambiente (OMA), ante o Adxunto de Sustentabilidade/Director OMA, o Director **UDC Saudable** e a Vicedecana do centro, para os efectos de mellorar a comunicación na organización destes eventos.
- 27 de abril de 2018, Xornada: Idade e Diversidade. Impacto na xestión de PRL, Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral A Coruña (ISSGA).
- 30 de abril de 2018, Envío ao Servizo de Asesoría e Promoción do Estudante (SAPE) do Plan de Formación 2018-2019 para solicitar un/unha bolseiro/a para a **UDC Saudable** cos efectos de elaborar a *Convocatoria de bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da UDC, nos centros propios, curso 2018/2019*.
- 2 de maio de 2018, Publicación do evento de inauguración do Campus da Sustentabilidade UDC na rede **UDC Saudable**.
- 2 de maio de 2018, Presentación de nova proposta documentada de obxectivos para o *Green Campus Oza-FCS* a decana da Facultade de Ciencias da Saúde, profesora Adriana Ávila Álvarez.



- 3 de maio de 2018, Campus, Casa, Cidade, Laboratorios do Cambio, Educando para a Sustentabilidade, OMA. Universidade Saudábeis: Sustentabilidade e Saúde da man, Centro Universitario de Riazor.

CAMPUS, CASA, CIDADE LABORATORIOS DO CAMBIO

Educando para a
SUSTENTABILIDADE



>> UNIVERSIDADES SAUDÁBEIS: SUSTENTABILIDADE E SAÚDE DA MAN

- Promoción da Saúde e intervención asistida con animais, Adriana I. Ávila Álvarez
 - Promoción da Saúde e Soporte Vital Básico, Santiago Martínez Isasi
 - Calzado Saudábel, Manuel Romero Soto
 - Educando para a equidade en saúde, Alicia Martínez Rodríguez
- Profesorado da Área de Saúde da UDC
Moderador: Sergio Santos del Riego, director da UDC Saudable

> Xoves 3 de maio de 2018, 18:30 - 20:30 h
CUR- Riazor

- 8 de maio de 2018, Reunión coa coordinadora de FEAFES, en sede Avda. Peruleiro.
- 8 de maio de 2018, Resposta da Enquisa de Universidades Promotoras de Saúde á Rede Española de Universidades Saudables.
- 14-16 de maio de 2018, V Congreso Internacional do Medio Ambiente e Saúde na Era do Desenvolvemento Sostible: Novos retos de futuro para Galicia e o Planeta, Hostal dos Reis Católicos, Santiago de Compostela.
- 15 de maio de 2018, Inauguración do Campus da Sustentabilidade UDC, Reitorado.
- 15 de maio de 2018, Presentación pública no Reitorado dos puntos Quérote + UDC, SMIPD da “Cruz Vermella” e do convenio co FEAFES (saúde mental) coa presenza do Reitor, Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e Vicerreitora de

Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria, Director **UDC Saudable**, e autoridades e persoal técnico das asociacións mencionadas.

- 18 de maio de 2018, Envío do *"Informe sobre fomento de los hábitos saludables en las universidades a través de las empresas adjudicatarias de los servicios de vending y restauración"*, aprobado na CRUE-Sostenibilidade en Marzo de 2018 (Universidad de La Laguna).
- 21 de maio de 2018, Reunión co director de ASPRONAGA sobre alimentación saudable.
- 21-23 de maio de 2018, Comunicación á Decana da Facultade de Enfermaría e Podoloxía da data do día nacional de universidades saudables: xoves, 4 de outubro; Comunicacions cos responsables da Rede de Apoio **UDC Saudable** da Facultade de Ciencias de Educación, Escola Técnica Superior de Arquitectura, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física, Facultade de Economía e Empresa, Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas e Facultade de Ciencias da Saúde, Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.
- 25 de maio de 2018, Asistencia ao VIII Centenario da Universidade de Salamanca 1218-2018.
- 28 de maio de 2018, Envío á Comisión Técnica e a Rede de Apoio da **UDC Saudable** do Receitario de Primavera da *Red Española de Universidades Saludables*.
- 29 de maio de 2018, Reunión co Decano da Facultade de Ciencias da Comunicación e coa Decana da Facultade de Socioloxía, e os respectivos membros da comisión de apoio da **UDC Saudable**.
- 30 de maio de 2018, Asistencia a segunda Conferencia inaugural do Campus de Sustentabilidade: "Acelerar as transicións urbanas cara a sustentabilidade a través dunha gobernanza innovadora, Niki Frantzeskaki, University Rotterdam, Reitorado UDC.
- 30 de maio de 2018, Reunión coa Decana da Facultade de Fisioterapia.
- 31 de maio de 2018, Asistencia ao *Green Campus* Facultade de Ciencias da Saúde co proxecto "Limpamundos, S.A.", *Green Campus* Nenos/as-Entorno.
- 1 de xuño de 2018, Reunión co Decano da Facultade de Dereito e Vicedecano de calidade da Facultade de Dereito e reunión co Decano da Facultade de Informática.
- 4 de xuño de 2018, Solicitud de metacrilato Aula **UDC Saudable**, Empresa VIFER.

- 5 de xuño de 2018, Solicitud de expositor para trípticos e carteis para **UDC Saudable** do Centro Universitario de Riazor.
- 5 de xuño de 2018, Incorporación da bolsa predoutoral Dona Laura Delgado Lobete no Centro Universitario de Riazor (sede UDC Saudable).
- 7 de xuño de 2018, Reunión co Decano da Facultade de Ciencias e Reunión co Vicedecano e representante da Comisión de Apoio da Facultade de Filoloxía.
- 10 de xuño de 2018, Proposta de contacto coa Asociación Profesional de Pedagogos/as e Psicopedagogos/as de Galiza a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social para contactar para valorar posible colaboración mediante convenio bilateral.
- 10-20 de xuño de 2018, Nova páxina UDC e Proposta de mellora da accesibilidade da sección web oficial da UDC **Saudable** dirixida á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (4 propostas e actuación conxunta con SEINFE).
- 11 de xuño de 2018, Obradoiro “*Cómo empezar cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) nas Universidades?*”, organizado pola Oficina de Cooperación e Voluntariado (invitación aos integrantes da Comisión de Apoio UDC **Saudable**).
- 14 de xuño de 2018, Responsabilidade compartida do mantemento da ventá da **UDC Saudable** da nova web da UDC.
- 14 de xuño de 2018, Compra de andel para carteis e trípticos para **UDC Saudable** no CUR.
- 15 de xuño de 2018, Reunión Espazo Compartido na sede **UDC Saudable**.



- 19 de xuño de 2018, Primeira reunión técnica con Quérote + UDC, Cruz Vermella e FEAFES (Saúde Mental-Galicia) na sede **UDC Saudable**: Posta en funcionamento.



- 19 de xuño de 2018, Comida en Next Door (Macro) explorando posibilidades saudables.
- 19 de xuño de 2018, Entrada da UDC na *Red Iberoamericana de Universidades Promotoras de Salud (RIUPS)*.
- 21 de xuño de 2018, Reunión da Vicerreitora do Campus de Ferrol, Secretario do Consello Social, Responsable da ADI, Director **UDC Saudable** sobre o Programa Espazo Compartido EC (nova páxina web EC, transformación EC en Título Propio, presenza de profesorado UDC en Obradoiros –*orientación laboral, adaptación posto laboral, dereito, economía, propostos pola ADI, e terapia asistida con animais, fisioterapia/discapacidade cognitiva e deporte inclusivo, propostos pola UDC Saudable-*; Plan de empresa –*autoemprendemento, emprego con apoios, empresa pública, emprego para muller co discapacidade-*, Tenda na UDC, petición dun póster EC para o CUR e cambio de denominación de Xefe/a de Estudos polo de Responsable Académico) e outros temas (alimentación saudable, presenza de puntos de asesoramento no Campus de Ferrol (FEAFES), dotación informática no espazo dos puntos de asesoramento no CUR (ordenador completo e internet por cable o wifi). Exposición á vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social dun convenio coa Asociación de Pedagogos e Psicopedagogos de Galicia (APEGA)
- 21 de xuño de 2018, Proposta pola banda da Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social de addenda en Convenio UDC-FEAFES para uso polos estudantes do Campus de Ferrol que o demanden. Infórmase aos responsables de FEAFES para inicio de trámite (dirección, temporalización).
- 21 de xuño de 2018, Petición de activación de tomas de voz e datos do espazo do Punto de Asesoramento de Estudantes (EPAE) no CUR e sendas IPs.
- 25 de xuño de 2018, Recepción no CUR e preparación do andel para carteis e trípticos da **UDC Saudable**.

- 25 de xuño de 2018, Exposición á vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social dun convenio coa Fundación Abrente (Deporte inclusivo).
- 26 de xuño de 2018, Reunión coa Directora da Unidade de Prevención de Riscos Laborais para posta en común de intereses comúns coa dirección **UDC Saudable**.
- 26 de xuño de 2018, Inauguración oficial do Campus de Especialización de Sustentabilidade no Reitorado.
- 27 de xuño de 2018, Presentación do Curso de Verán “*Ocio e Lecer para a Universidade*” organizado pola Fundación Abrantes, Enki e grupo de investigación RNasa da Universidade da Coruña.
- 28 de xuño de 2018, Presenza da Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social na reunión REUS na sede URJC, Madrid.
- 28 de xuño de 2018, UDC entra no grupo de traballo de indicadores de calidade de universidades saudables da REUS.
- 29 de xuño de 2018, Reunión coa Directora da Universidade Sénior no Centro Universitario de Riazor.
- 29 de xuño de 2018, Envío aos representantes da Comisión de Apoio **UDC Saudable** da información dos Espazos de Puntos de Asesoramento de Estudantes (EPAE): Quérote + UDC, Nin + Nin – Información sobre drogas e FEAFES/Saúde Mental.
- 2 de xullo de 2018, Envío de dúas receitas UDC Saudables (*Brochetas de Pescada á Piña e Rape á prancha ao Albariño*) para o Receitario de Verán da Red Española de Universidades Saludables (REUS).
- 5 xullo de 2018, Reunión co Decano da Facultade de Ciencias de Educación (Alimentación Saudable en máquinas de vending e cafetarías e Gabinete Psico-pedagóxico e de Atención á Diversidade).
- 8 de xullo de 2018, Difusión do Boletín RIUPS Abril-Xuño 2018: http://docs.wixstatic.com/ugd/cfb751_295f21457df44f61a80791cbbb2259b3.pdf
- 9 de xullo de 2018, Reunión co Decano da Facultade de Dereito (**UDC Saudable**).
- 9 de xullo de 2018, Envío de mensaxe aos representantes das comisións co información do Outubro Saudable, <https://www.udc.es/gl/udcsaudable/> e ofrecemento para publicitar mestrados relacionados coa Saúde e/o Desenvolvemento Sostible das diversas facultades e escolas.

- 18 de xullo de 2018, Rolda de prensa coa Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Director UDC Saudable ante os presidentes/as das asociacións de estudantes na sala de prensa do Reitorado da UDC.
- 18 de xullo de 2018, Rolda de prensa, clausura del ciclo de conferencias Laboratorio Campus, Casa Cidade na sala de prensa do Reitorado da UDC.
- 18 de xullo de 2018, Envío de proposta *Green Campus* con nove obxectivos ao Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade.
- 20 de xullo de 2018, Reunión sobre Alimentación Saudable (máquinas de “vending” e cafetarías) do Sr. Xerente, Responsable do negociado de asuntos económicos da UDC, da Decana da Facultade de Socioloxía, do Director da Oficina de Cooperación e Voluntariado, do Director da Oficina de Medio-ambiente e do Director da **UDC Saudable**. **Acordos:** 1.- Envío dende Xerencia da segunda parte do documento CRUE-REUS (cafetarías) aos responsables das subcontratas a efectos informativos e como declaración de intencións; 2.- Posta en coñecemento á comisión de traballo da documentación da empresa Delivra (Gadisven) sobre máquinas de vending (proposta Fru&Tube <https://www.vendingsanofruitube.com/es/>; proposta como exposición de inicio experimental para o Campus de Ferrol e o edificio de Grao de Terapia Ocupacional en criterios CRUE-REUS; 3.- Reunión en setembro coa empresa Delivra de Xerencia UDC, o delegado responsable de asuntos económicos, UDC Saudable e outros membros da comisión de traballo; 4.- Avaliación e exposición na Facultade de Socioloxía cunha folla de contratación adaptada á UDC baseada en documento CRUE-REUS e en folla de contratación da Universidade de Sevilla. Outras posibles facultades. Exposición dun marco xeral da folla de contratación para cafetarías dinámico para implantación progresiva segundo necesidades.
- 24 de xullo de 2018, Reunión coa Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, responsable da Atención á Diversidade, o Director UDC Saudable para a selección de profesorado de Psicoloxía para o Programa Espazo Compartido.
- 24 de xullo de 2018, Modificación de documento de petición do bolseiro/a para prever motivacións de inspección de traballo.
- 24 de xullo de 2018, Petición ao CAU de activación e posta en funcionamento dun ordenador no Espazo de Puntos de Asesoramento de Estudantes (EPAE) do CUR.
- 25 de xullo de 2018, Nova proposta de distribución para mellora da comunicación na ventá da web de Vida no Campus <https://www.udc.es/gl/vidanocampus/> dirixida ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Adxunto de informática do Reitor e responsable do Seinfe:

UDC Saudable	Deportes	Participación	
Prevenção de Riscos Laborais	Unidade de Atención á Diversidade	Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante	Universidade Sénior
Oficina de Medio Ambiente	Servizo de Arquitectura e Urbanismo	Cultura	
Oficina de Cooperación e Voluntariado	Oficina de Igualdade de Xénero e No Discriminación	Divulgación científica e cultural	Publicacións
Comunicación UDC: Prensa			

- 26 de xullo de 2018, Presentación da Memoria de Responsabilidade Social no Paraninfo da UDC.
- 23-27 de xullo de 2018, Puntuación e resolución de praza de profesorado (Psicoloxía) para o Programa Espazo Compartido.
- 1 de agosto de 2018, Envío dende Xerencia UDC das recomendacións CRUE-REUS ás subcontratas de cafeterías da UDC.
- 31 de agosto de 2018, Envío de proxecto ENKI (Fundación Abrente) ás vicerreitoras de estudantes, participación e extensión universitaria e do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 3 de setembro de 2018, Envío das “Medidas de fomento nos servizos de restauración e cafetería da UDC” aos membros da Comisión de Apoio da UDC Saudable e decanos/as.
- 3 de setembro de 2018, Recordatorio vía email, aos membros da comisión de Apoio da UDC *Saudable*, das propostas de datas para a presentación da UDC *Saudable* e de posibles eventos para o IV Mes Outubro UDC Saudable.
- 4 de setembro de 2018, Inscripción da Universidade da Coruña na University Challenge: 1ª Olimpíada virtual interuniversidades.

- 7 de setembro de 2018, Compra de ordenador completo e calefactor para Espazo de Puntos de Asesoramento de Estudantes e INTEGRA SAÚDE ao nome do Prof. Sergio Santos del Riego.
- 10 de setembro de 2018, Presentación **UDC Saudable** na Escola Superior de Arquitectura e na Facultade de Economía e Empresa.



- 11 de setembro de 2018, Presentación **UDC Saudable** na Facultade de Socioloxía.



- 12 de setembro de 2018, Presentación **UDC Saudable** na Facultade de Filoloxía.



- 12 de setembro de 2018, Presentación **UDC Saudable** na Facultade de Ciencias da Saúde (3º Grao de Terapia Ocupacional).



- 12 de setembro de 2018, Reunión na ADI con Sonia Seijas para tratar sobre o título Espazo Compartido.
- 13 de setembro de 2018, organización parcial da Xornada de acollida de novos estudantes UDC, Servizo de estudantes.
- 13 de setembro de 2018, elaboración de póster y díptico UDC Saudable para xornada de acollida de novos estudantes.
- 14 de setembro de 2018, Elaboración de discurso para inauguración de curso do Programa Espazo Compartido.
- 14 de setembro de 2018, Solicitud de vestíbulo a Facultade de Economía e Empresa para a exposición no Outubro UDC Saudable sobre noswhynot (discapacidade intelectual).
- 17 de setembro de 2018, Presentación **UDC Saudable** na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.



- 17 de setembro de 2018, Reunión coa responsable do PAT UDC para os efectos de difusión da **UDC Saudable** e puntos de asesoramento de estudantes (EPAE).

- 17 de setembro de 2018, Reunión co equipo de profesorado de EC no Centro Universitario de Riazor.
- 18 de setembro de 2018, Presentación **UDC Saudable** na Facultade de Fisioterapia.



- 19 de setembro de 2018, Presentación **UDC Saudable** na Facultade de Ciencias da Saúde (2º e 4º Grao de Terapia Ocupacional).
- 21 de setembro de 2018, Inauguración do 2º curso da III Promoción de estudantes do Programa Espazo Compartido.
- 21 de setembro de 2018, Presenza oficial na presentación da V Carrera ENKI no Concello de A Coruña.
- 21 de setembro de 2018, Finalización e envío do borrador do Programa Xeral Outubro UDC Saudable 2018.
- 24 de setembro de 2018, Reunión con Director da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), tema: novatadas, na sede da **UDC Saudable**.
- 27 de setembro de 2018, Xornada de benvinda ao alumnado UDC, Estadio universitario de Elviña, entre outros UDC Saudable, Quérote + UDC, Nin + Nin – Información de drogas e outras adiccións, Espazo Compartido.



- 1 de outubro de 2018, Difusión do programa xeral Outubro UDC Saudable 2018 vía emails e redes.
- 1 de outubro de 2018, Recepción da bolsa da UDC *Saudable* Dona Claudia Domínguez Agra.
- 3 de outubro de 2018, Foro de debate Nin+ Nin-: Información sobre drogas (Cruz Vermella).

Charla Informativa

Debatimos sobre os Pros e os
Contras da marihuana?



enmarcada no proxecto **NIN + NIN -**
información sobre DROGAS

Traxe documentos, noticias ou fontes de información sobre todos os teus coñecementos da marihuana. Atrévete a dialogar con argumentos obxectivos nun tema tan controvertido como o consumo desta droga. Será un coloquio sen xuízos de valor e con total confidencialidade!

DATOS DE INTERESE

LUGAR: Aula da UDC Saudable
HORA: 17:00 horas (1 h. de duración)
Máis información: 981 22 10 00 ext. 38412

- 4 de outubro de 2018, Día Nacional das Universidades Saudables, debate “Impacto das Pseudociencias na Saúde” coa presenza de Déborah García Bello, Xurxo Mariño Alfonso, Manuel F. Herrador Barríos, e moderado por Francisco Alonso Tajés, organizado pola Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol e o Departamento de Ciencias da Saúde, sede Afundación-Ferrol.



- 5 de outubro de 2018, Reunión coa Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, sobre bolseiros da UDC.
- 8 de outubro de 2018, Visita Exposición NosWhyNot (Espazo Compartido) na Facultade de Economía e Empresa.



- 8 de outubro de 2018, Presentación **UDC Saudable** na Facultade de Ciencias da Comunicación.



- 8 de outubro de 2018, Reunión con o Profesor Manuel F. Hernández Barrios vicepresidente do Círculo Escéptico pola Ciencia.
- 17 de outubro de 2018, Envío a Comisión de Apoio e difusión de Receitario de verán da REUS.
- 19 de outubro de 2018, Compra de novo expositor con rodas para UDC Saudable para Centro Universitario de Riazor.
- 22 de outubro de 2018, Finalización da intendencia de ordenadores, teléfonos, letreiros e outros aspectos de intendencia no Espazo de puntos de asesoramento de estudantes e Unidade de investigación en Integración e Promoción de Saúde (EPAE-INTEGRA SAÚDE).

- 24 de outubro de 2018, Alegacións ao Título Propio Espazo Compartido desde a **UDC Saudable**: formato de título propio/horas, asignación a centro/s, figuras delegadas, orixe e definición de porcentaxe de profesores internos e externos.
- 26 de outubro de 2018, Reunión co profesorado do Programa Espazo Compartido no Centro Universitario de Riazor.
- 29 de outubro de 2018, Elaboración do adhesivo co texto “Acende só cando sexa necesario” para aforro enerxético no Centro Universitario de Riazor e outros edificios da UDC.



- 31 de outubro de 2018, Foro de debate Nin+ Nin-: Información sobre drogas (Cruz Vermella).

Foro de debate

Psicología das apostas deportivas:
existen as malas rachas?



enmarcada no proxecto **NIN + NIN**
información sobre **DROGAS**

DATOS DE INTERESE

DATA: Mércores 31 outubro 2018
LUGAR: Aula da UDC Saudable (Centro Universitario Riazor)
HORA: 17:00 horas (1 h. de duración)
Máis información: 981 22 10 00 ext. 38412

- 31 de outubro de 2018, **Memoria e Evidencias** do Mes de **Outubro UDC Saudable 2018** na seguinte URL: https://drive.google.com/file/d/1IBICMspNqDko8_VsHWwisOBjEcuefR9/view?usp=sharing
- 2 de novembro de 2018, Difusión xeneralizada na PAHO (OMS latinoamericana), nacional e na UDC do documento Memoria - Evidencias **Outubro UDC Saudable 2018**
- 5 de novembro de 2018, Asistencia á presentación do programa Espazo Compartido - Banco de Santander –Fundación Universia -Consello Social -UDC na Sala de Prensa do Reitorado.
- 6 de novembro de 2018, Presentación da **UDC Saudable** na Facultade de Dereito.



- 7-10 de novembro de 2018, I Congreso da *Red Española de Universidades Saludables (REUS)*, Palma de Mallorca, UDC como membro do comité científico e investigador.





- 12 de novembro de 2018, Finalización das dúas ramplas do 2º andar do Centro Universitario de Riazor a petición da **UDC Saudable**.
- 15 de novembro de 2018, Presentación da **UDC Saudable** na Escola de Enxeñería de Camiños, Canles e Portos.
- 19 de novembro de 2018, Aprobación do Programa Espazo Compartido (formación de mozos/as con discapacidade intelectual) como Título Propio.
- 19 de novembro de 2018, Petición á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social dunha reunión da Rede de Apoio da **UDC Saudable** para os primeiros meses do ano 2019, que é concedida.
- 20 de novembro de 2018, Recepción de documentación da Concellería de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña para que a **UDC Saudable** forme parte do Consello Local de Saúde do Concello da Coruña por pedimento autorizado polo director da oficina **UDC Saudable**.
- 21 de novembro de 2018, Recepción de novo expositor de 5 andeis para o Centro Universitario de Riazor (**UDC Saudable**).
- 26 de novembro de 2018, Envío de Sinaléptica do SERGAS á Facultade de Informática (Dona María Teresa Rodríguez Facal, Directora da Biblioteca).
- 27 de novembro de 2018, Proposta de substitución a OMA dos termos “alimentación saudable” por “vida saudable” nos diversos Programas *Green Campus* UDC.



- 27 de noviembre de 2018, Promoción *mailing* da I Olimpíada On-Line Interuniversidades entre os estudantes da UDC.
- 28 de novembro de 2018, Foro de debate Nin+ Nin-: Información sobre drogas (Cruz Vermella).

Foro de debate



enmarcado no proxecto **NIN + NIN -**
información sobre DROGAS

DATOS DE INTERESE

DATA: Mércores 28 de novembro 2018
LUGAR: CUR (antiga biblioteca de Empresariais)
HORA: 17:00 horas (2 h. de duración)
Máis información: 981 22 10 00 ext. 36412
nimainimeno@cruzroja.es

UDC Saudable UNIVERSIDADE DA CORUÑA + *Leva Vermella Xovante*

- 28 de novembro de 2018, Aprobación do Título Propio Espazo Compartido adscrito a Facultade de Economía e Empresa no Consello de Goberno UDC.
- 29 de novembro de 2018, Reunión coa vicedecana de Calidade da Facultade de Dereito, Prof^a. María Rovira, responsable da **UDC Saudable** no mencionado centro.
- 29 de novembro de 2018, Presentación da **UDC Saudable** na Facultade de Ciencias da Educación (Educación Social, Educación Primaria e parte do alumnado de Educación Infantil).



- 29 de novembro de 2018, Envío a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación do documento borrador de proposta de novos criterios para o Programa Docencia, aos efectos de potenciar o Eixo de Responsabilidade Social da UDC (Vida Saudable e Desenvolvemento Sustentable).
- 30 de novembro de 2018, Presentación da **UDC Saudable** na Facultade de Ciencias da Educación (Logopedia e parte do alumnado de Educación Infantil).



- 30 de novembro de 2018, Día Internacional do VIH na Facultade de Ciencias de Educación organizado por Quérote + UDC e **UDC Saudable**.



- 4 de decembro de 2018, *“Un 35% de los universitarios bebe alcohol de forma habitual tras empezar con 16 años”*, Tese de Doutoramento sobre hábitos da comunidade universitaria do Sistema Universitario de Galiza dirixida polo Prof. Xurxo Dopico Calvo e o Dr. Francisco Gude, Faro de Vigo <https://www.farodevigo.es/galicia/2018/12/04/35-universitarios-bebe-alcohol-forma/2010218.html>

- 5 de decembro de 2018, Foro de debate Nin+ Nin- Información sobre drogas- Cruz Vermella.

Foro de debate

Educación Emocional I:
Factor de protección ante adiccións



enmarcado no proxecto **NIN + NIN** —
información sobre DROGAS

DATOS DE INTERESE
DATA: Mércores 5 de decembro de 2018
LUGAR: CUR (antiga biblioteca de Empresariats)
HORA: 17:00 horas (2 h. de duración)
Máis información: 981 22 10 00 ext. 38412
nimasnimenas@cruzroja.es

- 11 de decembro de 2018, Consello Galego de Benestar Social: constitución e apróbase a Decreto da RISGA e outras axudas económicas, correspondente a Lei 1/2013 de inclusión social de Galicia, San Caetano, Santiago de Compostela.
- 18 de decembro de 2018, Consello Galego de Benestar Social: apróbase o Observatorio Galego de Familia e Infancia e a Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia, San Caetano, Santiago de Compostela.
- 19 de decembro de 2018, Rexistro dos nomeamentos das persoas da UDC como representantes no Consello Local de Saúde do Concello da Coruña (titular: Prof^a. Araceli Torres Miño, suplente: Prof. Sergio Santos del Riego). Nomeamentos firmados co data do 4 de decembro de 2018.
- 20 de decembro de 2018, Proposta de *Green Campus* Riazor ao Director da Oficina de Medio-Ambiente e Adxunto de Sustentabilidade co copia a Vicerreitoría de Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria e Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade.
- 21 de decembro de 2018, Envío da felicitación de Nadal 2018-2019.



Sergio Santos del Riego, Director **UDC Saudable**

A Coruña, 31 de decembro de 2018